

O colonialismo

A expansión colonial, non é, dende os nosos días, un fenómeno particular a un estado. Ela converteuse, dalgunha forma, nunha das características do mundo contemporáneo, e aparece, polo tanto, coma unha das manifestacións orgánicas do réxime capitalista, en canto fora consentido por unha ou varias potencias illadas, estaría permitido, cando non, acabaría quedando relegado ao rango de preocupacións e eventos secundarios. Mentres que Inglaterra, herdeira dos imperios exóticos de Francia, de Holanda, de España, non contara con rivais serios nos continentes ou nos arquipélagos afastados, o problema non podía xurdir en toda a súa grandeza. Pero, durante o último cuarto do século pasado, a repartición política do mundo, foi renovada: os pavillóns europeos foron instalados nas illas da Papouasie e nos lacustres da África central. Todos os países, afirmaron os intentos de conquista; decenas de millóns de amarelos e de negros, foron sometidos, obrigados a pagar impostos, incorporados ás milicias, forzados ao traballo máis penoso e peor pagado. De feito, a súa sorte foi incluso máis lamentable e máis dura que as condicións nas que vivían os proletarios brancos menos favorecidos. (...)

É no período que se intercala entre 1880 ata os nosos días, todas as potencias mencionadas e consideradas civilizadas, encamiñáronse ao asalto dos continentes africano e asiático. Foi durante estes 25 anos, cando se multiplicaron as expedicións, as negociacións cos líderes indíxenas, e as convencións territoriais. (...)

O colonialismo contemporáneo, como tamén o colonialismo doutras épocas, derívase do réxime económico. A expansión exótica da nosa época, asóciase a unha explicación moito máis simple que as emigracións dos tempos antigos. Isto é porque a clase dominante, a burguesía industrial e comercial, busca saídas para os produtos das súas fábricas, e un lugar para as súas reservas de prata, ademais de novas fontes de explotación e de riqueza. Isto é capaz de conseguilo mediante o desvío da acción pública cara estas empresas de alta mar. (...)

Trátase dunha colonización capitalista e estritamente mercantil (...). Jules Ferry, pensaba como Crispi, e Guillermo II, alimentaba a mesma concepción que o presidente Roosevelt, que Chamberlain ou que Cecil Rhodes. Mentres que as xeracións anteriores buscaban o ouro ou as mercadorías máis exquisitas, a nosa xeración preocúpase por expandir o mercado da súa industria. Pero, mentres que eles solicitan aos parlamentos o crédito para as expedicións, ni se dignan a explicar as causas exactas dos seus negocios. Se nalgún caso se deixan percibir os motivos verdadeiros, eles esfórzanse por escondelos a través de razoamentos de alta metafísica

social. Estes sofismas, que se incrustan impunemente na tribuna ou nos xornais dende hai un cuarto de século, deben desaparecer.

A poboación, moi habitualmente sentimental e naif, manipulada e cega de toda percepción neta das realidades pola educación da escola primaria, ofrece a este engano, unha masa maleable ao seu dispor. Os ministros dirixentes e os economistas, comprometidos co colonialismo, foron acumulando fórmulas irrisorias para convencela.

Acreditamos esta idea de que, canto máis grande é o dominio exótico dunha nación, máis consistente será o seu prestixio. Ferry preguntaba aos franceses se eles querían que o seu país se convertese nunha “Suíza” ou nunha “Bélxica”, e Seeley, o teórico do imperialismo británico, escribía: “os estados que manteñan unha pequena extensión contra as colosais aglomeracións de Rusia e de América, pasarían a formar parte do segundo rango”. Neste sentido, sería suficiente con anexionar calquera deserto, calquera terra inhóspita, para manterse no primeiro plano das grandes potencias, e a Francia de 1900, guía de Indochina, de Madagascar e de Chad, conseguiría isto. (...) O afundimento actual de Rusia¹, faille xustiza a esta tese, que non foi nunca máis que un accesorio daqueles que a sostiñan. O chauvinismo, a megalomanía idealista, a fraseoloxía pobre, e as repeticións conscientes e buscadas, forman todo o fondo da propaganda colonial.

As agrupacións políticas da Europa occidental ou central, que gozan dunha constitución de certas liberdades, dunha aparencia de orde público, que tiveron éxito á hora de asegurar os camiños, e de purgar os montes de bestas salvaxes, teñen obrigacións estritas e inelutables coas tribos de Oceanía e de África. Poden eles permitirse que reyezuelos rouben milleiros de vidas humanas, que os misioneiros sexan exterminados ¿? (...) A civilización que nós recibimos grazas aos gregos e romanos, nós non saberíamos mantela inmóbil e infecunda nas nosas mans. Da mesma forma que os cristiáns e os musulmáns fan propaganda da súa fe, percorrendo o mundo, coa espada na man ou a cimitarra no puño; desta forma, nós non seríamos fieis á nosa tarefa máis sagrada, se non suprimimos na costa de Guinea as masacres tradicionais, ou se non abolimos a trata nos grandes lagos africanos. Polo tanto, a humanidade está interesada nas empresas públicas ou privadas dos europeos, nas terras virxes. Cada expedición, cada conquista, marca un progreso da xustiza, da orde, da ciencia, e da bondade. Os que combaten as aventuras, ao nome de non sei que principios erróneos, son os inimigos da evolución do

¹ Por curiosidade... que pasou en 1905 en Rusia? Pista: foron dous eventos que marcaron a evolución deste país de forma radical.

mundo, ignorantes e retrógrados. Un país deshónrase se non trata de arrancar o seu letargo secular á súa barbarie vergonzosa, calquera parcela de contras a medio explorar. Á inversa, trátase de títulos de gloria para a posteridade, se ela completa unha obra útil e duradeira de asimilación. Esta é a substancia de certos argumentos, que Jules Ferry en Francia, Crispi en Italia, predicaban durante a época de gran forza.

Pero, isto non é todo: para xustificar este programa de expansión civilizadora, ideouse a teoría das razas inferiores. O branco, é o home superior; ningún tipo de ser humano pode compararse con el. Da mesma forma que el domesticou o cabalo, o camelo, o elefante e o can, el gardará baixo a súa tutela a todos os homes que non sexa brancos. Unha vontade providencial destinou ao home branco a servir, a traballar para o outro, sen recompensa. (...) Oh colonialismo! Que cantidade de teses absurdas foron ideadas na túa honra. (...).

Paul Louis, *Le colonialisme*, París, société nouvelle de librairie et d'édition, coll. Bibliothèque socialiste, 1905.

Para unha mellor comprensión do texto:

Como podes observar, este texto é unha crítica do colonialismo dende o socialismo. Se tes en mente as premisas básicas que defendía o socialismo entenderás moito mellor este texto.

- a) Que opina este autor do colonialismo? Apoia a túa resposta con fragmentos do texto.
- b) É unha crítica moi forte? Que é que indica que se está a facer mal?
- c) Ao final do texto, que argumento dos defensores do colonialismo critica o autor? Por curiosidade busca quen foi Joseph Arthur de Gobineau e que propuxo.
- d) Busca quen son os cinco personaxes subliñados no cuarto parágrafo do texto.

É interesante que compares esta análise do fenómeno colonial co texto de Paul Rambaud e Jules Ferry ou co de Leroy Beaulieu e desta forma verás as dúas caras da moeda do fenómeno colonial.